



**PROBAS DE OBTENCIÓN OU RENOVACIÓN DO CERTIFICADO DE CONSELLEIRO/A DE SEGURIDADE  
PARA O TRANSPORTE DE MERCADORÍAS PERIGOSAS POR ESTRADA E POR FERROCARRIL**

**Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2017**

TEST

**MODALIDADE: TRANSPORTE POR ESTRADA– MATERIAS LÍQUIDAS INFLAMABLES**

**-GALEGO -**

- 1. Que numeración levarán os paneis dun vehículo-cisterna que transporte gasolina?**
  - a) 30/1203.
  - b) 33/1203.
  - c) 33/1223.
  - d) 33/1202.
- 2. O equipo de seguridade que deben levar as unidades de transporte cargadas con gasolina, constará de:**
  - a) Dous calzos por vehículo e unha lanterna.
  - b) Un sinal de advertencia, autoportante.
  - c) Un calzo e unha lanterna convencional por cada membro da tripulación.
  - d) Un calzo por vehículo.
- 3. Que condición deberán cumprir as xuntas nos equipos dos depósitos utilizados para o transporte de queroseno?**
  - a) Conseguir unha unión elástica.
  - b) Evitar as cargas electrostáticas.
  - c) Asegurar a estanqueidade.
  - d) Resistir as tensións estáticas.
- 4. Como deben ser os paneis laranxa de perigo que leven as cisternas cargadas con gasolina?**
  - a) De forma cadrada.
  - b) De forma de rombo.
  - c) Metálicos.
  - d) Rectangulares.
- 5. Cantas cifras ten o número ONU que se indica nun panel laranxa correspondente ao gasoil?**
  - a) Catro cifras.
  - b) Seis cifras.
  - c) Dous ou tres cifras.
  - d) Catro ou cinco cifras.
- 6. Cal das seguintes materias pódese transportar nun GRG con código 31N?**
  - a) Queroseno.
  - b) Gasolina.
  - c) Gasóleo.
  - d) Calquera das materias anteriores.
- 7. As disposicións do ADR relativas á instalación eléctrica na parte posterior da cabina, son esixibles a un vehículo-cisterna autorizado para o transporte de gasolina (UN 1203)?**
  - a) Si.
  - b) Só se o vehículo ten máis de 16 toneladas de PMA.
  - c) Non.
  - d) Só se a cisterna é dun compartimento.
- 8. Nun transporte de gasolina con outra materia coa que está prohibido o seu transporte en común e cada unha delas está contida en contedores distintos, tense que seguir respectando tal prohibición?**
  - a) Si, sempre.
  - b) Non fai falta respectala.
  - c) Non se respectará se se trata de contedores pechados de paredes macizas.
  - d) Non se respectará con autorización da Autoridade Competente.
- 9. Nun transporte de gasóleo en envases de cristal, contidos en caixas de cartón como embalaxe externa. Que condicións deberá ter o vehículo?**
  - a) Ningunha en especial.
  - b) Ser pechado.
  - c) Sempre debe ser un vehículo entoldado.
  - d) Ser cuberto ou entoldado.



**10. Un vehículo cargado con GRG (IBC) que conteñan gasolina e se atope estacionado:**

- a) Deberá cumprir co prescrito no ADR sobre vixilancia dos vehículos.
- b) Cumprirá o prescrito no ADR sobre vixilancia dos vehículos se carga máis de 10 toneladas.
- c) Cumprirá coas esixencias do ADR sobre a vixilancia dos vehículos se carga máis de 3 toneladas.
- d) Deberá estar vixiado.

**11. Poderá envasarse a gasolina nun GRG de código 31HZ1?**

- a) Si, cando Z corresponda a un plástico flexible.
- b) Si, cando Z corresponda a un metal.
- c) Si.
- d) Non.

**12. En cal dos seguintes envases non se poderá transportar o queroseno?**

- a) Bidóns de aluminio.
- b) Xerricáns de plástico.
- c) Envases compostos.
- d) Toneis.

**13. En que idioma/s deberá redactarse o certificado de aprobación dos vehículos FL utilizados para o transporte de gasolina?**

- a) Unicamente no idioma do país emisor.
- b) No idioma do país emisor e en francés, inglés e alemán.
- c) Unicamente en francés, inglés ou alemán.
- d) No idioma do país emisor e, ademais, o título e as observacións en inglés, francés ou alemán.

**14. No código de clasificación dunha embalaxe utilizada para o transporte de gasolina, que indica o número 4?**

- a) Que a embalaxe é un tonel de madeira.
- b) Que a embalaxe é unha caixa.
- c) Que a embalaxe é un xerricán.
- d) Que a embalaxe é un bidón.

**15. Como se representa no código dun GRG utilizado para o transporte de gasolina que é dun tipo rixido para líquidos?**

- a) Co número 13.
- b) Co número 31.
- c) Co número 11.
- d) Co número 21.

**16. Que número de paneis laranxa son suficientes para un vehículo-cisterna de dous compartimentos cargados unicamente con gasolina?**

- a) Catro, un en cada lado dos compartimentos.
- b) Dous, un diante e outro detrás do vehículo, co número de identificación de perigo e o número ONU.
- c) Seis; un diante outro detrás e os outros catro a cada lado dos compartimentos, todos eles cos seus número de identificación.
- d) Seis; un diante outro detrás e os outros catro a cada lado dos compartimentos, estes últimos co seu número de identificación.

**17. Está permitido o uso do plástico para a fabricación do recipiente dunha embalaxe composta utilizada para o transporte de queroseno?**

- a) Non.
- b) Si.
- c) Só se o interior é de aceiro.
- d) Só se o interior de aluminio.

**18. Como se representa o envase metálico lixeiro no código de tipo das embalaxes utilizadas para o transporte de queroseno?**

- a) Mediante a cifra arábica 4.
- b) Mediante a cifra arábica 5.
- c) Mediante a cifra arábica 6.
- d) Mediante a cifra arábica 0.

**19. No código de clasificación dunha embalaxe utilizada para o transporte de gasoil, que indica a cifra arábica 0?**

- a) Que a embalaxe é composto.
- b) Que é un envase metálico lixeiro.
- c) Que a embalaxe é un xerricán.
- d) Que a embalaxe é un saco.



**20. As cisternas teñen a condición de recipientes segundo o Acordo ADR?**

- a) Non.
- b) Si.
- c) Só se é considerada sen os seus equipos.
- d) Cando constitúe un contedor cisterna.

**21. Que paneis laranxa deberá levar unha cisterna que foi utilizada para transportar queroseno, circulando baleira e limpa?**

- a) Os mesmos que levaba cando ía chea.
- b) Ningún.
- c) Debe levar paneis sen numeración.
- d) Debe levar a placa-etiqueta número 9.

**22. Como está constituído o código para designar un tipo de GRG (IBC) utilizado para o transporte de queroseno?**

- a) Por letras latinas.
- b) Por números arábigos.
- c) Por cifras árabes e letras maiúsculas.
- d) Polas letras X, Y e Z.

**23. En referencia a un transporte de gasolina, en canto á comunicación dun accidente:**

- a) Comunicarase a existencia de vítimas.
- b) Comunicarase a localización do suceso.
- c) Comunicaranse os datos sobre as mercadorías transportadas.
- d) Todas as respostas son certas.

**24. Que capacidade teñen os pequenos contedores?**

- a) Igual ou superior a 1 m<sup>3</sup> e non máis de 3 m<sup>3</sup>.
- b) Maior de 3 m<sup>3</sup>.
- c) Maior de 0,45 m<sup>3</sup>.
- d) Menor de 0,45 m<sup>3</sup>.

**25. Como se deberán colocar as etiquetas de perigo nos vultos cargados con gasolina?**

- a) Na parte inferior do recipiente.
- b) Facilmente visibles e lexibles.
- c) En paneis portátiles.
- d) En, polo menos, dous lados.

**26. Cal é a instrución de transporte a aplicar para o transporte de gasolina en cisterna portátil?**

- a) A instrución de transporte T3.
- b) A instrución de transporte T4.
- c) A instrución de transporte T1.
- d) A instrución de transporte T2.

**27. Qué tipo de documento persoal deberá posuír o axudante que acompaña ao condutor nun transporte de 20.000 litros de gasolina?**

- a) Ningún en especial.
- b) Unha nómina.
- c) O contrato de traballo.
- d) Calquera documento de identificación coa súa fotografía.

**28. Qué indica a letra Y no código dunha embalaxe utilizada para o transporte de queroseno?**

- a) Que a embalaxe está autorizado para os grupos de embalaxe I e II.
- b) Que a embalaxe está autorizado para todo tipo de materias.
- c) Que a embalaxe está autorizado para os grupos I, II e III.
- d) Que a embalaxe está autorizado para os grupos II e III.

**29. Ademais dos documentos requiridos por outros regulamentos, deberanse levar a bordo da unidade de transporte de gasolina, gasóleo ou queroseno, os documentos seguintes:**

- a) As instrucións escritas.
- b) Carta de porte.
- c) Un documento de identificación con fotografía por cada membro da tripulación.
- d) Todas son correctas.

**30. Se utilizamos un GRG do tipo 31H22 (31HA2, 31HB2, 31HN2, 31HD2 y 31HH2) para transportar gasóleo, en que vehículos se deberán transportar?**

- a) En vehículos cubertos ou contedores pechados.
- b) Non se poden utilizar estes GRG para transportar gasóleo.
- c) O gasoil non se pode transportar en GRG.
- d) Todas son falsas.



**31. Segundo o ADR, a inspección dos extintores dos vehículos que transportan gasóleo se realizárase:**

- a) De acordo coas normas nacionais.
- b) Unha vez ao ano.
- c) Cada 5 anos.
- d) Segundo indique o fabricante.

**32. No caso de que unha poboación dispoña de máis dunha vía de circunvalación, por cal deberá circular un vehículo cisterna cargado con gasóleo?**

- a) É indistinto.
- b) Pola que dispoña de maior número de carrís.
- c) Pola máis externa.
- d) Pola máis próxima á poboación.

**33. Pódese fumar conducindo unha cisterna cargada con gasolina?**

- a) Non.
- b) Si.
- c) Só se o vehículo se atopa estacionado.
- d) Só coas ventás pechadas.

**34. Quen debe realizar a homologación de tipo para un vehículo FL, autorizado para o transporte de queroseno?**

- a) O fabricante.
- b) Unha autoridade competente.
- c) Un organismo de control.
- d) O órgano de control de calidade do fabricante.

**35. Un vehículo cisterna que transporta queroseno, terá o paso prohibido nos túneles de categoría:**

- a) Unicamente D e E.
- b) Unicamente E.
- c) Unicamente D.
- d) Todas son incorrectas.

**36. Un vehículo que transporta queroseno en vultos, terá o paso prohibido nos túneles de categoría:**

- a) E.
- b) D e E.
- c) A, B, C, D e E.
- d) Todas son incorrectas.

**37. Qué capacidade mínima teñen os xerricáns de plástico utilizados para o transporte de gasolina?**

- a) 10 litros.
- b) 15 litros.
- c) Non está especificada.
- d) 8 litros.

**38. Que nos indican as instrucións de embalaxe?**

- a) As embalaxes admisibles.
- b) As embalaxes interiores e exteriores.
- c) A cantidade máxima autorizada en cada envase ou embalaxe.
- d) Todas son correctas.

**39. Poderase transportar o queroseno e o gasóleo en embalaxes metálicas lixeiras?**

- a) Non.
- b) Só ata unha capacidade de 50 litros.
- c) Só ata unha capacidade de 25 litros.
- d) Si.

**40. Quen debe conservar os rexistros de formación recibida polas persoas que interveñen no transporte de mercadorías perigosas?**

- a) O conselleiro de seguridade.
- b) O empresario.
- c) Os delegados sindicais ou membros do comité de empresa.
- d) O delegado ou delegados de prevención de riscos laborais.



**41. Qué debe facer o destinatario se detecta que un contedor non se axusta ás disposicións do ADR?**

- a) Non aceptar o envío e devolvelo ao transportista.
- b) Devolvelo ao transportista, previa comunicación ao fabricante do contedor ou ao expedidor da mercadoría.
- c) Non devolvelo o transportista ata despois da súa adecuación.
- d) Rexeitar o envío.

**42. Cal das seguintes disposicións suplementarias non contempladas no ADR non poderá aplicar no seu territorio unha parte contratante aos transportes internacionais de mercadorías perigosas?**

- a) Condicións excepcionais que precisen o itinerario a seguir en caso de condicións atmosféricas extremas.
- b) Condicións que precisen o itinerario a seguir polos vehículos con matrícula estranxeira para evitar zonas ecoloxicamente sensibles.
- c) Condicións a respectar para o estacionamento dos vehículos que transportan mercadorías perigosas en caso de manifestacións sindicais.
- d) Condicións de seguridade suplementarias referentes a vehículos que cheguen ou abandonen as empresas.

**43. Cal das seguintes medidas se deberá adoptar se se transportan 3.000 litros de queroseno en cisterna?**

- a) Adoptar e aplicar o correspondente plan de protección.
- b) Levar instalados dispositivos de protección que impidan o seu roubo ou o da súa carga.
- c) Os membros da tripulación deberán levar un documento identificativo coa súa fotografía.
- d) Medidas para adoptar a operatividade e efectividade do transporte.

**44. O líquido para o lavado de ollos forma parte do equipamento de seguridade obrigatorio clase 3:**

- a) Non é obrigatorio, en ningún caso.
- b) Cando se transporte gasoil.
- c) B e D son correctas.
- d) Cando se transporte gasolina.

**45. Un vehículo cisterna para o transporte de gasoil, deberá ter:**

- a) Dispositivo de freado antibloqueo se a súa MMA é igual 12 toneladas.
- b) Dispositivo de freado antibloqueo se a súa MMA é superior a 16 toneladas.
- c) Dispositivo de freado antibloqueo se a súa MMA é superior 13 toneladas.
- d) Dispositivo de freado antibloqueo se a súa MMA é igual a 10 toneladas.

**46. As instalacións de carga e descarga disporán de:**

- a) Áreas de estacionamento apropiadas para a carga e descarga.
- b) Áreas de descanso para o condutor.
- c) Áreas de estacionamento vixiadas.
- d) Áreas de estacionamento vixiadas e apartadas das instalacións.

**47. Canto tempo se deben archivar os documentos xerados por unha OCA dun vehículo?**

- a) Ata a data de caducidade do documento.
- b) Un prazo non inferior a 10 anos ou ata a data de caducidade do documento se é superior a 10 anos.
- c) Un prazo non inferior a 5 anos.
- d) Un prazo non inferior a 15 anos.

**48. En caso de avaría ou accidente, a comunicación ao teléfono de emerxencia incluirá:**

- a) Localización da empresa de transportes.
- b) Datos sobre as mercadorías perigosas transportadas.
- c) Data de caducidade do permiso de conducir
- d) Datos do destinatario.

**49. Qué materias engloban as epígrafes individuais?**

- a) Grupos de materias ou obxectos de natureza química ou física especial non especificados noutra parte.
- b) Materias e obxectos claramente definidos, incluídos os que comprenden varios isómeros.
- c) Grupos claramente definidos de materias ou obxectos que non son epígrafes n.e.p.
- d) Grupos de materias ou obxectos cunha ou varias propiedades xerais perigosas non especificados noutra parte.

**50. Forma parte do dossier da cisterna as actas de ensaio?**

- a) Non, só a ITV e ficha técnica.
- b) Non, só os certificados de aprobación de tipo.
- c) Non, só a información técnica relativa á cisterna e os certificados de aprobación.
- d) Si.



**PROBAS PARA A OBTENCIÓN E RENOVACIÓN DO CERTIFICADO DE  
CONSELLEIRO/A DE SEGURIDADE PARA O TRANSPORTE DE  
MERCADORÍAS PERIGOSAS POR ESTRADA E POR FERROCARRIL**

**TRANSPORTE POR ESTRADA - MATERIAS LÍQUIDAS INFLAMABLES**

**EXAME DO 15/11/2017**

*Respostas correctas da proba test*

1	<b>B</b>	14	<b>B</b>	27	<b>D</b>	40	<b>B</b>
2	<b>D</b>	15	<b>B</b>	28	<b>D</b>	41	<b>C</b>
3	<b>C</b>	16	<b>B</b>	29	<b>D</b>	42	<b>B</b>
4	<b>D</b>	17	<b>B</b>	30	<b>A</b>	43	<b>C</b>
5	<b>A</b>	18	<b>D</b>	31	<b>A</b>	44	<b>C</b>
6	<b>D</b>	19	<b>B</b>	32	<b>C</b>	45	<b>B</b>
7	<b>A</b>	20	<b>A</b>	33	<b>B</b>	46	<b>A</b>
8	<b>C</b>	21	<b>B</b>	34	<b>B</b>	47	<b>B</b>
9	<b>D</b>	22	<b>C</b>	35	<b>A</b>	48	<b>B</b>
10	<b>B</b>	23	<b>D</b>	36	<b>A</b>	49	<b>B</b>
11	<b>C</b>	24	<b>A</b>	37	<b>C</b>	50	<b>D</b>
12	<b>D</b>	25	<b>B</b>	38	<b>D</b>		
13	<b>D</b>	26	<b>B</b>	39	<b>D</b>		